

# PLAN DE LECTURA COMPRENSIVA

(FICHAS 1 – 10)

(GALEGO)

# RESPONDE E REALIZA:

1. Que acontecemento se anuncia?

2. En que data e lugar se celebra?

3. Debuxa os rasgos que lles faltan ás persoas que aparecen.








# RESPONDE:

1. Quen é o organizador do evento e os colaboradores?

2. Que actividade poderemos facer ás 19:30? E ás 23:30?

3. Coloca verdadeiro ou falso (V/F)

......... *Os pais tomarán queimada ás 17:00*

......... *Ás 16:30 pintaremos a faciana*

......... *Cada neno debería levar a súa cabaza*

......... *Ninguén poderá ir caracterizado*



# RESPONDE:

1. Di cales son as linguas nas que está escrito o texto.

2. Cal é a proposta que fai *"Galicia Bilingüe"* para a lingua?

3. Cal cres que é a función do corazón vermello no debuxo?












**PRÓXIMAS ACTIVIDADES NO AUDITORIO DO CMUS PROF. DE LUGO**

1. **Mércores, 22 de maio:** *Audición alumnos/as de Piano ás 20:00h.*
2. **Xoves, 23 de maio:** Presentación do Libro Manual del Músico de Jazz. Autor: Roberto Somoza ás 20:00h.
3. **Venres, 24 de maio:** Audición alumnos/as de Canto ás 20:00h.
4. **Luns, 27 de maio:** Audición alumnos/as de Corda Friccionada ás 18:00h.
5. **Luns, 27 de maio:** Audición alumnos/as de Vento Madeira ás 20:00h.
6. **Luns, 27 de maio:** Audición alumnos/as de Guitarra ás 19:00h. *Aula 14*
7. **Martes, 28 de maio:** *Audición alumnos/as de Música de Cámara e Conxunto ás 18:00h e ás 20:00h.*
8. **Mércores, 29 de maio:** Audición alumnos/as de Vento Metal ás 17:00h.
9. **Mércores, 29 de maio:** *Recital alumnos/as de 6º G.P.ás 20:00h.*
10. **Xoves, 30 de maio:** Audición alumnos/as de Corda Friccionada ás 18:00h.
11. **Xoves, 30 de maio:** Audición alumnos/as de Gaita ás 20:00h.

*Para máis información acerca desta ou doutras actividades, consultar a páxina web do centro.*

Duración estimada da función: 75 minutos.

**Conservatorio Profesional de Música de Lugo**
Ronda Xosé Castiñeira, nº5
27002, Lugo
web: http://conservatoriomusicalugo.edu.es
mail: cmus.lugo@edu.xunta.es

# RESPONDE:

1. Quen elabora este folleto e de que nos queren informar?

2. Canto dura cada unha das funcións?

3. Que día e a que hora deberemos ir se queremos presenciar a audición de "Vento Metal"?



# RESPONDE:

1. Como se chama esta exposición e de que trata?

2. Quen promociona a exposición?

3. A que hora poderiamos ir o Sábado se queremos participar nunha visita guiada?





FSC
MIXTO
FSC® C104760

**Neolítico**
de nómades a sedentarios

Exposición

**HORARIO**

De luns a venres, de 12.30 a 14 e de 17 a 21h
Sábados, domingos e festivos,
de 11 a 14 e de 17 a 21h

**Visitas guiadas**
De luns a venres, ás 19h
Sábados, domingos e festivos,
ás 12 e ás 19h

**Visitas grupos escolares e outros colectivos**
De luns a venres, de 9.30 a 13.30 e de 15 a 17h
previa cita ao teléfono 902 906 666

**HORARIO DE VERÁN**

De luns a domingo, de 11 a 14 e de 17 a 23 h
**Visitas guiadas**
De luns a domingo, ás 12 e ás 19 h

Servizo de información
Obra Social "la Caixa"
902 22 30 40
De luns a domingo de 9 a 20h
www.laCaixa.es/ObraSocial

D.L.B.: 3.722 - 2013

Obra Social "la Caixa"

**Neolítico**
de nómades a sedentarios

Obra Social "la Caixa"



*3.2.2.4. A MURALLA*

A muralla de Lugo é sen dúbida a construcción defensiva máis importante da arquitectura militar romana.

Non foi posible sinala-la data exacta en que comenzou a súa edificación. O que non cabe poñer en dúbida é a súa orixe romana e que sufriu modificacións considerables, principalmente na Idade Media.




A súa construcción dátase no Baixo Imperio, posiblemente do século III.

*1.-Funcións da muralla*

- Bo medio defensivo contra calquera acometida e atalaia vixilante para salvagarda-la poboación.
- Eficaz cortaventos.
- Paseo público.

*2.-Dimensións*

- Perímetro aproximado de 2.140 m.
- Altura variable entre os 10 e os 15 m.





# RESPONDE:

1. Que tipo de construcción é a muralla?

2. Cales son as funcións desta edificación?

3. Canto mide a muralla e que altura ten?

# RESPONDE:

1. Cal é o espectáculo que anuncia este cartel?

2. Que clase de actuacións nos ofrece este circo?

3. Que personaxes recoñeces nos debuxos do cartel e cal é o teu preferido?







# RESPONDE:

1. Que nos ofrece a nova tarifa plana 15?

2. Cales son os obxectos propostos para comprar e canto nos custan?

3. Escribe o diálogo que manteñen as persoas que vemos e inventa unha frase que podería pensar ou dicir o mozo.









## CONSELLOS PARA O BUSCADOR DE COGOMELOS

1.- Recolla para consumo soamente os cogomelos que coñeza con absoluta seguridade, fixándose en tódalas súas estructuras (pé, sombreiro, anel, volva, etc.).

2.- Non existe ningunha regra válida para coñecer se un cogomelo é comestible ou tóxico que non sexa aquela baseada no seu recoñecemento e identificación botánica.

3.- O recolle-los cogomelos non utilice engazo, nin escaravelle violentamente a terra para non dana-lo micelio. Sen embargo, é necesario extraer cuidadosamente o cogomelo completo coa axuda da navalla, para observar tódolos seus caracteres, incluidos os da base do pé.

4.- O buscador non experimentado no debe recoller nunca cogomelos provistos de volva, anel e láminas brancas (xénero Amanita) pola presencia de especies mortais neste xénero.

5.- Non recolla nunca especies de Lepiota de pequeno tamaño (inferior a 8-10cm no sombreiro aberto). Algunhas especies deste xénero son mortais.

6.- Escolla os cogomelos en bo estado, evitando os vellos, pasados ou parasitados. Limpeos o mellor posible antes de introducilos na cesta e nunca utilice bolsas de plástico para a súa recollida e transporte.

7.- Non destrúa as especies que non vaia a recoller por tóxicas ou descoñecidas, xa que tódolos fungos cumpren un papel na natureza.

8.- Revise os cogomelos o chegar á casa para asegurarse de non ter recollido ningunha especie perigosa ou descoñecida.

9.- Dos cogomelos que consuma, garde algún exemplar. Esto pode axudar, no caso de intoxicación, a identificar a especie responsable. Se se produce a intoxicación, acuda rapidamente o médico.

10.- Recorde, finalmente, que algunhas especies comestibles son mal toleradas por certas persoas (alerxias, malas dixestións, etc.) polo que o consumo de cogomelos debe facerse con moderación.

# RESPONDE:

1. En que data e lugar se celebrea esta exposición?

2. A quen se dirixen os consellos que se dan?

3. Corrixe o texto seguinte:

"O buscador experimentado debe recoller cogomelos provistos de volva, anel e láminas verdes pola presencia de especies mortais neste xénero"



## PLAN CURRICULAR WALDORF

| Comuns a tódolos cursos | Específicas de cada curso |
|---|---|
| Lingua<br>Galego<br>Inglés<br>Francés<br>Matemáticas<br>Educación física<br>Teatro<br>Manualidades<br>Modelado (con cera de abella e arcilla)<br>Pintura (con ceras e acuarela)<br>Euritmia | 1º- Frauta, Contos de fadas, Tecer punto, Horta |
| | 2º- Frauta, Fábulas e lendas, Ganchillo e Horta. |
| | 3º- Frauta, Historias do A. Testamento, Ganchillo, Agricultura, Construcción de casas, Oficios artesáns, Coidado de animais. |
| | 4º- Zooloxía, Historia local, Xeografía Estatal, Historia, Instrumentos de corda ou vento, Mitoloxía nórdica, Bordado, Horta, Coidado de animais. |
| | 5º- Botánica, Xeografía nacional, Instrumentos de corda ou vento, Orquesta, Historia de Grecia, Horta e Coidado de animais. |
| | 6º- Álxebra, Xeometría, Física, Xeografía mundial, Grego e Latín, Instrumentos de corda ou vento, Orquesta, Canto coral, Historia de Roma, Traballos con madeira, Xardinería. |



# RESPONDE:

1. Cales son as materias comúns a todos os cursos?

2. En que curso se estuda “Mitoloxía Nórdica”?

3. Escribe por orde de preferencia cinco materias que escollerías no teu curso.

